



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175. // Tel. 981 67 00 02 Fax: 981 67 22 82 // C.I.F.: P-1502100-1

BASES

28º CONCURSO DE POESÍA “CONCELLO DE CARRAL”

- 1.- O Concello de Carral convoca a 28ª edición do Concurso de Poesía Concello de Carral.
- 2.- Poderán optar ao premio todos os autores e autoras maiores de idade e de calquera nacionalidade, sempre que o seu traballo se presente escrito en lingua galega. Non poden participar gañadores e gañadoras deste concurso das últimas dez (10) edicións.
- 3.- Fíxase un premio único de **3.500 euros**. O xurado pode declarar deserto o premio. Sobre a contía do premio aplicaranse as retencións fiscais oportunas.
- 4.- Os traballos, cunha extensión mínima de 500 versos, serán orixinais, inéditos e non premiados noutros concursos no momento das deliberacións do xurado. Os autores responsabilízanse de comunicarlle á organización, dun xeito inmediato no correo electrónico cultura@carral.es, a concesión doutros premios acadados a partir da remisión dos orixinais.
- 5.- A presentación das obras farase exclusivamente de maneira dixital no enderezo web <https://registro.culturacarral.es>. Os traballos presentaranse en formato pdf mecanografiados a dobre espazo en páxinas numeradas, con tipografía Arial tamaño 12, cunha portada na que figuren o título da obra e o lema ou alcume do autor ou autora. Nos metadatos do arquivo non poderán figurar datos persoais. No caso de existiren problemas para a apertura ou lectura do arquivo, a obra non constará como presentada.

Na presentación telemática de cada obra, solicitaranse do autor ou autora os datos persoais, de contacto e outros que servirán para un tratamento estatístico que permita a avaliación e a mellora do certame. Tamén se solicitará que achegue en formato pdf un currículo que incida na súa traxectoria literaria se a houbese. Todos os datos persoais das persoas presentadas ao certame, manteranse no total anonimato, agás os da persoa gañadora que se utilizarán para a xestión do pagamento e tratamento fiscal do premio económico e para a comunicación co Concello de Carral en calquera asunto que atinxa ao concurso.
- 6.- O prazo de admisión de orixinais estará aberto ata o **31 de marzo de 2025**.
- 7.- As deliberacións do xurado son secretas e delas estenderase a acta correspondente. A decisión do xurado farase pública no mes de maio e **o acto de entrega do premio terá lugar en Carral o 30 de maio de 2025** no que é obrigatoria a presenza do gañador ou gañadora do premio.
- 8.- O xurado estará presidido polo alcalde do Concello de Carral ou concelleiro ou concelleira na que delegue e formarán parte del dúas persoas de recoñecido prestixio no eido da poesía galega e a autora gañadora da edición anterior deste concurso. Actuará como secretario o técnico municipal de Cultura do Concello de Carral. O xurado será nomeado polo alcalde e darase a coñecer antes de realizar as deliberacións.
- 9.- O título do traballo gañador e o nome e apelidos do seu autor ou autora daranse a coñecer mediante unha comunicación persoal (chamada telefónica) ao premiado ou premiada, na web municipal www.carral.es, así como no taboleiro de anuncios da Casa da Cultura do Concello de Carral (rúa de Paleo 17, Carral).





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175. // Tel. 981 67 00 02 Fax: 981 67 22 82 // C.I.F.: P-1502100-1

- 10.-** Establécese un período de dez (10) días desde a decisión do xurado para presentar alegacións á citada decisión. As reclamacións, que se tramitarán na sede electrónica do Concello de Carral, serán valoradas e contestadas polo xurado.
- 11.-** Con carácter previo ao pagamento do premio, comprobarase de oficio que a persoa premiada está ao corrente das súas obrigas tributarias coa AEAT, co Concello de Carral e coa Seguridade Social. De incumprirse esta condición non se poderá recibir o premio
- 12.-** O Concello de Carral reservarase o dereito de publicar a obra gañadora e os dereitos de explotación da primeira edición. A obra premiada non xerará dereitos de autor da primeira edición. A editorial Espiral Maior será a responsable da primeira edición e distribución comercial do libro gañador.
- 13.-** As obras e os datos achegados destruíranse unha vez finalizado o prazo de alegacións.
- 14.-** Correspóndelle ao xurado a interpretación das presentes bases.
- 15.-** A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases.
- 16.-** Toda a información relativa ao concurso publicarase na web municipal www.carral.es. Para a atención de dúbidas ou para máis información, as persoas interesadas poderán dirixirse á Casa da Cultura, rúa de Paleo, 17, 15175 Carral, A Coruña, chamar ao teléfono 981 672 580 ou enviar un correo electrónico a cultura@carral.es.